

OS TRES BANDIDOS

Texto e ilustracións de TOMI UNGERER

Tradución de DOLORES ROMAY

Encadernado en cartón. 20 x 28 cm. 48 páx. 15 €.

PREMIO ANDERSEN 1998

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL PORTUGAL)

Os tres bandidos (galego)

ISBN 978-84-8464-620-4. Tras os montes.

Los tres bandidos (castelán)

ISBN 978-84-96388-56-7. Libros para soñar.

Els tres bandits (catalán)

ISBN 978-84-8464-551-1. Kalandraka.

Hiru bidelapurrak (éuscaro)

ISBN 978-84-8464-621-1. Kalandraka.

Os três bandidos (portugués)

ISBN 978-972-8781-67-5. Livros para sonhar.

Había unha vez tres feroces bandidos de capa negra

e chapeus negros. O primeiro tiña un trabuco.

O segundo tiña un fol cheo de pementa.

O terceiro, unha enorme machada vermella.

Pola noite, cando escurecía, poñíanse a espreitar

á beira do camiño...

KALANDRAKA recuperou “Os tres bandidos”, cunha edición fiel á obra orixinal. Este clásico contemporáneo da literatura infantil mundial foi traducido a máis de 30 linguas.

Dende a súa primeira edición -publicada en Alemaña en 1961- ata a actualidade, moitas xeracións de nenos medraron coa historia destes peculiares personaxes, excelentemente caracterizados cos seus orixinais atuendos e cun atípico instrumental para cometer falcatuadas.

O relato destaca polo seu carácter descritivo, a orde narrativa das accións e a sinxeleza coa que Ungerer guía o lector.

As ilustracións axudan á comprensión da historia: o contraste cromático, a expresividade en cada escena e o aspecto enigmático dos bandidos son os elementos máis salientables.

Transmite emocións que van dende o medo á tenrura: os bandidos non coñecen outro mundo que non sexa roubar e amedrentar a xente. A irrupción nas súas vidas dunha meniña orfa faralles cambiar de rumbo e comprender que coas riquezas que acumularon poden axudar a outros nenos necesitados.



■ **Temática:** medo, xenerosidade.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico da Literatura Infantil e Xuvenil contemporánea; xogos coas formas dos chapeus; a fronteira entre o bo e o malo; introdución a conceptos como a adopción; do autor e ilustrador de “Crictor” (Kalandraka).

Tomi Ungerer

(Estrasburgo, 1931)

Dous feitos marcaron a súa nenez: a morte do seu pai cando el tiña catro anos, e a ocupación nazi en Alsacia durante a II Guerra Mundial, que lle obrigou a estudar en alemán. As súas primeiras ilustracións, cheas de frescura, eran de ambiente bélico, cun fondo rexeitamento á guerra e ao fascismo. En 1956 emigrou a Nova York, onde comezou a escribir libros infantís. Con *Los Melops se lanzan a volar* (1957) iniciou unha exitosa traxectoria publicando debuxos e viñetas en medios como *The New Yorker*, *Esquire*, *Life Show* ou *Fortune*. Xa no cumio da súa carreira, Ungerer reaccionou contra a hipocresía e a superficialidade da sociedade americana con títulos como *The Party* (1966), *Fornicon* (1970) e *America* (1974). Logo mudouse a unha granxa en Canadá e a finais dos 70 trasladouse coa súa familia a Irlanda. A súa produción, que abarca 40 anos de creación, calcúlase entre 30.000 e 40.000 ilustracións de diferentes estilos, e máis de 120 libros. Pola súa obra recibiu a Medalla de Ouro da Sociedade de Ilustradores e o Premio Hans Christian Andersen en 1998, entre outros. Tras retirarse como ilustrador, desenvolveu outra faceta de filántropo, volcado en causas humanitarias como a protección da infancia ou a atención a enfermos.



www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com